

NOVELA

SUSO ESPADA. "NOTA ROJA"

ADN, a axencia de detectives na que traballa Suso Espada, recibe o encargo de investigar un suposto caso de "mal de ollo". Nesas anda cando recibe un misterioso correo electrónico do seu curmán Francisco.



EDITORIAL: EVEREST

PAGS: 224

PRECIO: 8,95 EUROS

Francisco vive en México, país desde o que pide axuda a Espada. Con autorización do seu xefe e sen abandonar o caso no que está a traballar, Suso desprázase a Oaxaca, a cidade onde reside a familia de Francisco. Alí descobre un mundo de delincuencia e de corrupción que alcanza a propia policía e outros importantes estamentos sociais da cidade, pero tamén dá con persoas

marabillosas que lle axudan e que lle ofrecen a súa amizade e protección. A súa estadia en México convértese logo na máis trepidante e perigosa das súas aventuras.

Francisco X. Fernández Naval recupera ao seu hábil detective nesta súa terceira historia para todos os públicos que segue ao misterio do Santo Grial e as súas aventuras en Istambul. Espada viaxa a un México intenso e brutal como esas "notas rojas" coas que os xornais definen as crónicas de crimes e narcotráfico. Ao final, nas dúas historias cruzadas, a do mal de ollo e a de México, a familia e o que dentro delas pasa son a clave última de tramas e misterios que ten que resolver o espelido Suso Espada.